

Núm. 87

Tomo 8.<sup>o</sup>

# nós

CAUTILO



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fara da Península	8'00
Número solto	0'70

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

No bérce negro da noite, POR AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO.

O culto ós mortos, POR ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS.

Dente d'ouro, POR ALVARO DE LAS CASAS.

Ollada encol da Poesía Lírica Gálega, POR RICARDO CARBALLO CALERO.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47-2º

Vicente Risco

Abogado

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII      ★      Ourense 15 de Marzo de 1931      ★      Núm. 87

## NO BÈRCE NEGRO DA NOITE

POR AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO

No bérce negro da noite  
durmia o meu corazón.

Veu caladiña, unha estrela,  
¡todo mo esgarrapizou..!

Xurdiron versos de lua  
dun niño de rouxinol.

Encheu-se o berce da noite  
todo de versos en flor...

Pasou toda a noite, en claro,  
cantando o meu corazón.

Coma paxaros, nos labios  
finaban-se-las cancións.

Meu corazón lacerado  
era unha rosa sin cõr,  
murchada entre-las mausiñas  
de lirio d'unha oración...

Fuxulle á Aurora das maus  
o pasariño do sol...

El rexouba en Montes-Outos  
i-ela chora en Valmiñor...

*Do libro á pubricar «Corazón ao vento».*



# O CULTO OS MORTOS

por ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS

(Da Conferencia pronunciada no Ateneo de Vigo)

Nas almas sinxelas, onde mora a pantasia  
ten na actualidade a morte un capiduo intresantismo de folk-lor. Galicia, terra de velhas lendas mourentas con fondas reminiscencias do pasado que se atopan dende a beira do mar, que embravecido fende as olas escuras contra as terras verdecentes do litoral deixa as outas serranias onde o vento húmido vai mordiscando as rexas pedras de grá; hai en toda ela un arquivo coase inédito de crências en col da morte, lendas que gardan fonda somellanza coas de outros pobos, maormente Portugal e a Bretaña.

Non é doado afastar certos ritos pagáns de prácticas relixosas que rodean as crências sobre da morte e da inmortalidade. En xeneral, agás moi contados casos, todos pensan que aló da morte hai unha nova vida, de ledicia pra os benfeiteiros e de angueiras eternas a carón das caldeiras de *Pedro Botello* pra quem tivo unha mala vida. As vegañas atópanse certas contradiccións coa maniera corrente de pensar, contradicción que ollamos a través dos contos e das lendas de mortos que temos recollido. Todos istos contos que imos referir proceden da terra de Coto-bade onde os ouví moitas veces e cando era pequeno facianme arrepiar os cabelos e buscar o mellor acougo posibre pra ollarme fora do *xarronco*.

Nun panteón de Augasantas ollase a seguinte inscrición:

Ante un Deus Omnipotente,  
Cristianos seréis juzgados,  
Y después de vuestra muerte,  
Escombro seréis y gusanos.

A composición responde á crência xeneral da xente, unha nova i-eterna vida envolve o mais aló durante unha eternidade; vida sempre inmaterial, somentes o dia do fin do mundo ergueránse todolos mortos cos mesmos corpos e almas, que tiveron pra ouvir o xuízo derradeiro no Campo de Josefá.

Non todolos que morren van dispostos do mundo pra entrar á disfrutar da outra vida, inda que sexa no inferno. Asin no século pasado era moi corrente que os cadabres fossen amortaxados con hábito benzoado, cousa que lle privaba a entrada ó morto na rexión dos condanados, estonias aparescía pola noite o pantasma nas encrucilladas ou diante os cruceiros dos camiños aldeans pra que unha persoa rachase aquel hábito. Son muitos os contos que a maxinación popular forrou ó redor de somellantes aparicións. Afón na composición tidoada *O Pantasma* fai relación de ista crênça.

Tripando ortigas, malvas e fluncho,  
Cheguei hasta un corruncho,  
Boteill' a pouta a unha calivera;  
—Ay, nunca Deus me dera!

A penas a chisquei que carcaxadas  
Infernais oin.... Logo un difunto  
Se me presenta diante  
D' hábito branco e vagaroso andar  
Comencei a rezar  
Pasenho un padrenuestro; e n'aquel punto  
Fixen un circo co meu pau d' oliva,  
Que xa bendito por siacaso iba,  
E posto dentro del: —Eu te requero  
De parte de.... Lle dixen tremelando.

El con grave ademán e voz alta  
M' interrumpeu —Ah! Fuxo temerario  
Non toques nada — Si? eu me retiro  
E apertei contra o peito o escapulario

— Pero atendeme ben; has de esperarme  
No muíño d' Añón — Preciso fouce?  
Non miserable, vaite, e doume un couce.

Fai tempo ouvimos o seguinte conto: Un mozo fa de parranda pol-a noite á xunto d'unha rapaza, nunha encrucillada apareceu un pantasma atravesado no camiño pregando que rachase aquel hábito; o mozo desculpouse; porfiou o pantasma pero por fin deixouno en paz. O seguinte dia foi confessar o acontecido co crego e iste deulle unha estola cun crucifixo e aconselloulle que non tivera medo pois ninguén lle faría mal. O mozo marcha pensativo, cando tornou de xunto da noiva saléulle o pantasma decindo:

— Oxe ves porparado de maneira que tes que racharme o hábito.

— Rachocho, mais tes que decirme quen es.

— Non cho digo.

— Pois non cho racho.

Despois de longa tirapuxa o defunto dixo quen era e sinalou a maneira como había de ser rachado o seu hábito. Puxoo pra banda contraria de onde viña o vento i-encargouelle que non mirase pra el cando turrase pol-a fouce enganchada á beira da capucha. O mozo turrou pol-a fouce, rachou o hábito, abreuse un inorme bocarón e afundiuse o morto no meio d'unha forte labarada e fumareda, ó mesmo tempo que sé ouvia un longo bruido. O mozo marchou pra casa pero morreu moi axiña porque o morto era un amigo dél.

Rodríguez López refire un caso somellante onde despois de cortado o hábito «se abrió la tierra y tragó al difunto usurero entre lla-

mas de fuego y una pestilente atmósfera de azufre» (1).

O feito de afundirse o corpo de iste xeito ten algo de materialismo, o morto non vai pra o inferno sin desprenderse do hábito, e indudabreamente o hábito foi posto despois de morrer o individuo, é decir cando aquel corpo ficaba sin alma; isto fai maxinar a hipótesis de que na posmorte a i-alma vive, durante algún tempo pol-o menos, unha vida consecuente co corpo. Cabe ainda pensar como a i-alma no momento de sair do corpo i-entranto iste non tiña o hábito non foi buscar o acougo que asegúra a sentencia lle correspondía, poidera presumirse a existencia n'unha crència, hoxe desaparecida, onde ese tempo fose adicado pol-a i-alma en ouvir o fallo do Supremo Xuíz, e despois tornarse a reencarnarse no mesmo corpo.

Os mortos poden abandonar o cadaleito e tornar á sua casa en axuda da familia. Un home quedou viudo con varios filliños; cando saía de mañan deixaba os nenos no leito entrando adicaba as primeiras horas ó traballo dos agros. Cando tornada ollaba os fillos peiteados e limpos; preguntáballe quen viviera a casa, decíndolle os rapaces que fora a sua nai. Un día escondeuse pra ollar quen vivia dubitando da certidume das verbas dos fillos ó pouco tempo entrou a muller, os fillos non se enganaban. O home quixo agradecerlle aqueles coidados e falouelle a defunta:

— Agora vichesme non pudo tornar mais aqui.

Mostrásenos aquí un caso de aparición polo dia i-en xeneral a xente pensa que os mortos somentes tornan pol-a noite, tanto e así que á unha muller apareceuelle unha noite un pantasma e dixolle:

— Anda de dia que la noche es mía.

A noite préstase más pra que ó redor das sombras e dos ruidos do vento nas ponlas das carballas a maximación popular poida entreteñer as suas maravilloosas lendas.

As almas que se atopan en bó lugar cando tornan á este mundo poden falar coa xente non así os condannados.

Fai pouco tempo morreu envenenado un

(1) Jesús Rodríguez López, *Supersticiones de Galicia*. Segunda edición. Madrid, 1910, pax. 172.

matrimonio. Pasados algúns días aparescian perto da casa e os vecíños foron arrequerirlle, faleou a muller:

— Eu estou en bo lugar pero o meu home condenouse porque facía tempo tiña pensado matarse e agora se fala bota lume pol-a boca.

Unha lenda moi antiga refire que a raposa de Morrazo é unha alma en pena. Aparece pol-a noite en calquier esquina ceibando berros arrepiantes ó mesmo tempo que bota unha baforada de lume pol-a boca. Cando se olla é mester decirlle: Dios te leve á porto salvo.

A lenda ten a semeanza do lume que ceiba pol-a boca cal houbera feito aquel home se falara. Por certo que a lenda da raposa de Morrazo non ten sido localizado o seu orixin. Pra min, opinión modesta pois abunda que sexa miña, tratase d'unha lenda de orixin mariñán, unha lenda tecida polos mariñeiro, por istes homes dun folklor tan interesante xurdido a carón das loitas co mar embravecido cuias augas lle serven tantas veces de Campo Santo.

As almas non sempre fan aparición en figura de personas, poden darse a conocer por sinais como dando golpes fortes nas portas, no sobrado, berrando, laiando, etc.. Cando alcontece isto as xentes percuran abrigar que quere o morto arrequeríndolle; pra iso din cando oucen os berros:

— En nome de Dios, de San Pedro e San Pablo se és alma do outro mundo fala e di o que pides. Coase sempre pregan que lle fagan alguma promesa que él fixera e non poidera cumplir.

A aparición pode ser na figura dun paxaro tal como un corvo. Un home ollou un paxaro dista crás que a cotío berraba nas ponlas dun pífeiro perto da sua casa; un día canso de tanto ouvir, zorregoule un tiro e caleu o paxaro ó chán zapateándose. Durante tres días con tres noites estivo o corvo laiandose e trasteando o corpo. Aquello non parecía cousa boa i-o home foise confesar, traguen-do encarrego do cura de ir arrequerirlle por si sería cousa do outro mundo. Foi e resultou ser unha alma que viña ó mundo penar algúns pecados.

A reencarnación das almas en animás inda que sexan repulsivos como sapos sare-

cas, lagartos, etc., óllase ben crara nas créncias das xentes que van á San Andrés de Teixido, o santo do cabo do mundo, á onde temos que ir todos porque quedou en Teixido díxolle Noso Señor:

Quédate ahi Senandrés  
que de mortos ou de vivos,  
todos te viremos ver.

Todolos que van ó santuario non fan mal á ningun animal que atopen no camiño, maormentes se vai en dreitura da hermita. Crén que todos istos bechos son almas que van facer a sua besita ó Santiño milagreiro.

Os defuntos poden responder á preguntas que se lle fagan. Cando morre alguén os rances collen ó mellor o aire do morto. Enfermidade que non deixa medrar e saca as forzas. Pra sanar, é mester ir ás doce da noite ou do dia diante da sepoltura; chamar tres veces pol-o defunto; a terceira responde, estonciás diselle:

Sácame o aire do morto  
e dame o do vivo  
aire de morto non ten conforto  
o do vivo e confortativo.

Dous exemplos en que falan os mortos dende a sepoltura. Un rapaz tiña unha noiva e pensaba casar con ela; marchou ó servicio e deixou no seu poder uns cartíños, aforros que fora xuntando e non quería levar con él.

Pouco antes de rematar de facer o servicio morreu a moza e o rapaz sentiu a sua morte pero non fixo caso dos cartos. Chegou á casa e ollou que unha sombra andaba con él de unha banda pra outra, por mais que quería informarse non ollaba ren. Foise confesar e o crego preguntoulle se morrera alguén que tivese obligacións con él. O mozo lembrouse dos cartos e dixollo.

Ó dia seguinte foron xunto da sepoltura ás doce da noite; chamaron tres veces por ela e á terceira respondeu e dixo que os cartos que él lle deixara estaban en tal sitio. Dende aquela a sombra deixouno en paz.

Os mortos poden tamén dar unha tunda ós vivos sin ser vistos. Contan que uns individuos chegaron á un Cimiteiro onde facía

pouco soterraran á un home apodado «guapo de las medias blancas», chamaron por él él á terceira vez respondeu: «agoarda que las estoy poniendo». Seguidamente malfou á quen chamara por él e por mais que miraba pra os lados non ollou ninguen.

Ás doce da noite erguense dos cadaleitos e andan a procesión das almas ó redor da eirexa, Rodríguez López (1) trabuca ista procesión coa Compañía decindo que sai da eirexa pol-a porta principal levando diante unha persoa viva coa cruz e o caldeiro da auga bieita e que vai parar á porta de un que lle anuncian a morte tirándolle pedras sobor do tellado.

As almas veñen a casa en días asinalados como noite boa, e por iso deixan moitos a mesa posta. En algúns sitios da provincia de Lugo é pecado barrer a casa pol-a noite porque se lle da pra trás ás almiñas que ven quentarse ó fogar. En Tui o día de defuntos botan un grande rachón ó lume pra que se quenten as almas.

O feito de quentarse as almas ten certa somellanza coa créncia que atopou Castelao na Bretaña onde pensan que hai un inferno frio, ansi o espresa a inscripción de La Martyre:

A morte, o xuicio, o Inferno frío,  
cando o home cavita en todo eso debe tre-  
[mer,  
tolo será o que ten un espírito que non me-  
[dita,  
pois é forzoso morrer (2).

Tamén na Bretaña teñen os Camposantos como verdadeira morada onde vive o morto; en algúns hai lendas interesantes que respeitan os bretóns como dogma de fé; pensan que no Cimitierto de Lanrivoaré fican soterrados 7777 mártires e ali somentes se pode entrar descalzos e descubertos. (3)

Hai costumes certamente chocantes tal como a do *Avellón* que Alfredo Brañas describe asin:

(1) Ob. cit. pax. 168.

(2) Alfonso R. Castelao. *As Cruces de pedra na Bretaña*. Pontevedra 1931. Publicacións do Seminario de Estudios Galegos, pax. 51.

(3) Castelao, ob. cit., pax. 77.

Collidos pol-a man os concurrentes e fungando baixiño i-entre dentes, foron da morta á triste habitación, e voltando ó redor da defunta, o vello a vella o mozo e a mocinha, fungaban como funga o avellón, Pobre d-aquel que dése algunha fala ou de bulir deixase pol-a sala, sinal era de morte non fungar; as honras do avellón son tan precisas, como son para os cregos moitas misas, i-o gando i-o ligón para labrar. (1)

Tamén os mortos dan ganancia ós vivos por medio de sinxelas aduviananzas. Sómente citaremos unha. Consiste en enrolar un papel ó redor dun pauciflo coidando que o pau quede no meio; pónse horizontalmente sobor da mesa onde se come e rézase un Padrenuestro pol-a i-alma do defunto, rezando que ten de ser feito con devoción; seguidamente agarrase o papel pol-as duas puntas tendo en conta que se quedar o pau ceibe sobor do papel a i-alma fica no ceo, senón fica no inferno. É cousa fácil de facer que saia o garabullo onde un queira pois non hai mais que deixar unha punta máis pequena e ó dar a derradeira volta cóllese ó rivés, diste xeito ó desdobrar o pauciflo queda por riba.

Nos cancioneiros de Galicia e Portugal hai gran número de cántigas onde a morte ten un papel mais ou menos secundario. Tales as seguintes mostras:

O morte tirana morte,  
eu de ti teño dar queixas;  
quen has de levar non levas,  
quen has de deixar non deixas....

Ninguén quere que morran os seres pra un mais queridos, por iso a xuicio do cantor morre quen non debe-

O morte tirana morte,  
o morte cruel sin fin;  
levásteme a miña amada,  
agora levaime a min. (2)

(1) Publicado por Rodríguez López. Ob. cit., pax. 177.

(2) Remate do romance *A morte da namorada*.

Inquietude diante a vida no senso de quedar afastado pra sempre de quen ha convivir con un as penas e as ledicias.

Eu ben vin estar o moucho  
encima dun gacio d-uvas,  
vaite d-ahi morte negra  
desamparo das viudas.

O moucho é un paxaro agoreiro por eso entra nas composicións como se fose a personificación da morte.

Eu subin o alcipreste  
cheguei ó medio cain,  
Alcipreste morte negra  
f-eu para morrer nacin. (1)

O alcipreste é o albre tradicional dos fidalgos pazos galegos, pero a sua soma longa i-estreita enfiase tamén nos cimiteiros, ós que non habemos de negar tampouco o seu aire de señorío.

O adro terra da igreja  
onde se enterran anjinhos,  
o terra que estás comendo  
corpos tan delicadiños. (2)

(1) Cantigas populares recollidas en Loureiro de Cotoade.  
(2) Augusto C. Pires de Luna. Cancioneiro de Vila-Real. Porto 1928.

Aineaza á terra que non respeita a calidade da xente pra ir zugando os corpos soterrados.

Confesei ao señor cura  
todo o noso ben querer  
e doume por penitencia  
de te amar até morrer

Eu voute pedir un beixo  
mesmo a porta da rua  
se tu non mo queres dar  
eu morro por culpa tua.

Non se me da por ser cruz  
tendo o calvario ó pe  
non se me da por morrer,  
sabendo eu por quen é

O meu corazón é teu  
e o teu de quen será?  
o meu morre pol-o teu  
e o teu por quén morrerá?

Asin poideramos continuar citando moitas más cántigas, que como as catro derradeiras non precisan comentario, son cántigas amorosas e a morte debe ser pra o amor o marco que no mundo fixe o seu romante

DIXEN.





# D E N T E D - O U R O

POR ALVARO DE LAS CASAS

pra C. Fernández Mazas.

DENTE D-OURO . . . . .	40 anos
O REBEQUE . . . . .	35 >
VAIAMODO . . . . .	70 >
CARAMUÑA . . . . .	16 *

**O** sagrado de San Mamed de Caseiroa, todo en roda da irexa. Nun recanto unha cerdeira encheta de cereixas a pingar sobre-as campas, brillantes na lúa. Meia noite.

## DENTE D-OURO

Ti, Caramuña, vai pondo o xantar.

## REBEQUE

Trouxeches os lacós?

## DENTE D-OURO

Vai reparando: os lacós, os cacheiros —quentes com-ainda na lareira—, a empanada de angústias, o xamón, os chourizos, viño do tinto e do branco. Hai pra unha festa de catro fagundo cinco.

## CARAMUÑA

Pomos tamén o roscón?

## DENTE D-OURO

Eso pra logo. E fala pouco, que és dos qué non din cousa con xcito.

## REBEQUE

Pois o tabaco tréuxeno eu. Soio faltan as pendangas.

## VAIAMODO

Dígovos e repitovos, qu-esto non está ben. Ao sagrado non se vefien faguer estas pándegas.

## REBEQUE

Vostede a calar.

## VAIAMODO

A calar non, que teñio a obriga de aconsellarvos, tan xiquera pol-o vello que son. *Dente d-ouro*, esto non é de xentes de lei.

## DENTE D-OURO

Pro ainda onte non estaban a falar no forno de que si eu non tiña riles pra nada, de que si eu era un santiño con pelexa de lobo, de que si a min todo se me vai pol-a gorxa, de que si na mina gañara os cartos de san cristán, de que....? O que que é agora, vanme coñocer tal cual. E que non teimen moito,

por qu-entroques de viño son home pra chimpas catro netos de sangue d-abade. A min? Ajajá, Por ahí adiante adepréndese moito.

## REBEQUE

Non digo que non, mais é ben sabere a quen se li-ensina. Eu estaba de volta denantes de que ti foses.

## DENTE D-OURO

De ti non falei: ti erel-o Napolión.

## REBEQUE

Nin Nipilión nin centellas. Son home pra ire onde ti chegues, e avanzar hastra donde ti maxinabas chegar.

## CARAMUÑA

O que é por falar, Rebeque, xa nos tiñas debullados a todos.

REBEQUE (*a Caramuña*)

Cala ti, mioca.

## DENTE D-OURO

Morreou o conto. Vefia o pelexo do tinto, Caramuña. (*Xantan e beben*).

## VAIAMODO

E vós non pensades qu-esta festa podiá mola faguer nas carballas, ou na miña touza, ou no piñeiral do Chinto? Tiña de sere eiqui!

## DENTE D-OURO

Vostede cando non queira sabere de min, vólveme os oitenta pesos que lle teño emprestados, e cada un pol-o seu vieiro.

## VAIAMODO

Tiña de sere eiqui, por riba das cinsas dos nosos mortos, pendo as zocas nestas campas encheitas de bágoas, orballadas ainda co-a auga benta que as nosas naicifinas

Iles botaron, anos e anos. Tendes dire dertos ao inferno.

## REBEQUE

Boeno, meu vello; pois xa dirá si ten algunha encomenda pra lle levar aos parentes.

## VAIAMODO

Santo Deus!

DENTE D-OURO (*dándolle corda a un granófono*)

Esto é pra que mañán o crego teña de que falar no evanxelio. (*Nentanto canta o disco vai tamareiando*).

Me quisiste e m-olvidache  
e gorgicheme a querer;  
zapatillo que yo he posto,  
non me lo juelvo a ponere  
por que se queda estreito, eh, eh eh...

VAIAMODO (*namentres os demás van debullando nos lacós*)

E vós, meus mortos, que diredes de min?  
Quixerá estar con vós, rillado dos vermes,  
denantes de ollar esto.

## REBEQUE

Temos unha ola más, que o vello, pol-o que parés, xa está encheito de bagazo.

CARAMUÑA (*ao ouvido do vello*)

Faga coma si non. Estes xudeus teñen peito pra esnaquizarnos...

## VAIAMODO

Mañán non haberá no logar home de ben que non vos cuspa nos ollos.

## DENTE D-OURO

Agora vou pór *As Corsarias* qu-é cousa de moita moda.

REBEQUE

Deixa, deixa. Si ch-hei dicer a verdade,  
é unha vitrola ben ruin. Zóame nos miolos  
com-un sino choco.

DENTE D-OURO (*a Caramuña*)

Pra ti entón; pra qu-escorrentes ás beatas  
nas noites d-ánimas.

CARAMUÑA

Dásme a vitrola?

DENTE D-OURO

Xa é tua.

VAIAMODO (*ao ouvido de Caramuña*)

Non lla collas que ten o demo drento.

CARAMUÑA (*idem*)

Hánme dare por ela oito pesos e bó é.  
(Pausa).

REBEQUE (*a Dente d-ouro*)

Hai hó; a empanada ten moito touciño.

DENTE D-OURO

O que é ti, cando estás a xantar a conta  
d-outro non pós más que defeutos. Mala ra-  
bia che coma .

REBEQUE

Reás enriba ou embaixo.....

VAIAMODO

Rematade logo, condenidos; desta acaba-  
des comigo. Pensade que temos eiqui a toda  
a nosa xente, á beira nosa, e que nos están  
ouvindo e ollando por baixo da terra. Tende  
delor de min que teño eiqui toda a miña vida.

REBEQUE

Mais á vostede non lle chaman o *Vaiamodo*?

VAIAMODO

Déixate de macacadas.

REBEQUE

Pois é o qu-eu digo: vai a modo. Qu-o vi-  
ño está que renega. Mesmo ferve nos folgos.

DENTE D-OURO

E o viño ten pouco que rillar; ei si que  
non hai aquelo de non ter dentamia.

REBEQUE (*a Vaiamodo*)

Olle pr-o Caramuña que xa lle sae o au-  
gardente pol-as orellas.

VAIAMODO

Eu xa falei o que tiña de falar e limpei a  
miña concencia. Si vos queredes perdere,  
perdéisvos. E agora, cada un ao seu. Xa vos  
digo que non morreredes no leito; habedes es-  
toupar como foguetes no lume d-unha bruxa.

REBEQUE (*chimpeando unha cunca farta*)

Pois.... pol-o sinón. (*Unha longa pausa,*  
*Vaiamodo envoltilase na sua manta e boia un*  
*soníño*).

DENTE D-OURO (*abrindo outro pelexo*)

O branco é de Gomariz.

REBEQUE

Veña entón do branco. O tinto si non era  
da Costeira andáballe pol-as beiras. (*Longa*  
*pausa*).

CARAMUÑA (*a Dente d-ouro*)

E ti non te lembras de quen está eli? E' a  
campa da Uxía.

DENTE D-OURO

Cando eu digo que tí naciche parvo.

REBEQUE

Xa tes medo?

## DENTE D-OURO

E' por si ela ten medo decatándose de qu'en estou eiquí.

## REBEQUE

Foi ben bunitiña; loira e branca com-un sol.

## DENTE D-OURO

Pschil.... Si ti vises outra que tiven na mina. Morreu tamén de ciumes.

## REBEQUE

Esta morreu do peito.

## DENTE D-OURO

Home, sendo de namoro non fa morrer das pernas. (*Longa pausa*).

## CARAMUÑA

Ollade a cerdeira: talmente parés ensanguentada. Cada cereixa unha ferida que s'está coallando no luar.

## DENTE D-OURO

E ti parés un moucho a latricular agoiros. (*Por Vaiamodo*). Ehi tés o alcipreste fai o niño e cala.

## REBEQUE

Dame o corpo qu'estás a sentir a xiada nas costelas.

## DENTE D-OURO

Por min non agardes: cando teñas sono, váite. Ninguén saberá quen se foi denantes.

## REBEQUE

Eh? Esta facada foi por mor d-un pito. Mamei moita gabachería.

(*Longo silenzio, Dente d-ouro erguese, e palpando nas pedras, encomensa a percorrer o adro deténdose a ler as inscrições das campas, Trenguelea bebido de viños e medos,*)

## DENTE D-OURO

Olla onde fica o abade que nos botou a auga benta. Hay que agradecerlo (*derramandolle un xerro de viño por riba da coba*). Pra que vexas quen somos.

## REBEQUE

E a Uxía non-a convidas.

## DENTE D-OURO

Tamén. Pra esta, o que quedou do lacón. Si soupeses. Rebeque, que cadeiras tiña (*en tanto lle bota por riba as migallas do xantar*).

Me quisiste e m-olvidache e gorrícheme a querer. zapatillo que yo he puesto non me lo juelvo a ponere por que se me queda estreito.

## CARAMUÑA

Que homes!

DENTE D-OURO (*enfrentándose a un nicho*)

Eiqui está o teu fillo. Digocho por si te esqueciche, Rebeque.

## REBEQUE

Dis ben (adiantándose pra profanalo, e ao chegar rente dele reaciona delorido). Coitadío!

## DENTE D-OURO

Por min non deixes de chorar.

## REBEQUE

*Dente d-ouro: tés entranas de corvo.*

CARAMUÑA (a *Dente d-ouro*)

Tiña cores de amapónla e cheiro de caravel. Estou á velo: redondiño com-unha mañán. Oxe casi tería o meu tempo.

DENTE D-OURO (*acende unha cerilla pra ler millor n-unha inscripción decorada pol-a chuvia.*)

Xoquín Rodríguez. Morreu en mil e oito-centos noventa e nove. Eiqui está o meu pai. (Pausa). Dá pr-acá ese pau, Caramuña; imos a ollar com-está d-apodrecido.

(*Recóllense todos arrepiados.*) Dente d-ouro remexe co pau e vai ciscando d-hosos o sagrado. Bótaos con forza, como si sementase.

Bós hosos: vese qu-era rexo.... (*pausa*). Ainda cheira a vitela dándolle c-unha costela ao vello). Eh, Vaiamodo.

VAIAMODO (*espertando*)

Deixádeme durmir.

DENTE D-OURO

Olle os hosos do meu patrón. Sacou un fillo runfleiro. Ropare que costela: ben mirado ainda faguía o caldo pra unha parida.

CARAMUÑA

Lémbrese....

DENTE D-OURO

Que é o meu pai? E qué? Un home coma eu; eses son beaterios de comadre. Que o cozan. Eu son esti. (*Enrabexado*) E si fago esto na campa de meu pai....

VAIAMODO

Dente d-ouro....

DENTE D-OURO

Nada de choros.

VAIAMODO

Dente d-ourol

DENTE D-OURO

A min non se m-esmigalla con salaios.

VAIAMODO

Non é eso.

DENTE D-OURO

Agora xa podedes dicer o que fixen e o que dixen revolvendo nas cinzas do meu pai. (*con sorna*) Que en paz descanse, coma din na vila.

VAIAMODO (*indefinibile*)

Non quixera dicerte nada. Pro.... Non-o tomes a mal. Non me collas tema. No logar ninguen sabe.... É que teu pai.... son eul

Dente d-ouro recóstase sobre cráns da campa, e fica morto com-unha moeira de guíñol. O Rebeque e mail-o Caramuña, rin como doidos.

Xaneiro-1931.

## SEGUNDO · LIBRO · DE COVADAS POR · CRISTEIXO

Pedidos a NÓS - Hortas, 20 - SANTIAGO



# OLLADA ENCOL DA POESÍA LÍRICA GALEGA CONTEMPORÁNEA

(Lección do Ciclo de Cultura Galega organizada polos alumnos da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade compostelana).

POR RICARDO CARBALLO CALERO

CORRESPONDÉME oxe, por reiterado desexo voso, amigas e amigos da Facultade de Filosofía e Letras, espicar unha lección disante pequeno curso de cultura galega que habedes tido a ditosa ideia de organizar. I é pra min o falarvos agora, non so un inmerecido honor, senón tamén unha satisfação inesquecible. Porque, me lembro do meu discurso de inauguración do presente ano académico (1), e vexo que os degaros expresados entón, comenzañ a realizarse.

Heime de ocupar da poesía lírica galega contemporánea. E semella lóxico que denantes de nada, me interese por fixar a estensión do conceuto que abrange o titúlo da miña conferencia. Imos, pois, á analizalo verba por verba.

Poesía. Ista voz tómase eiqui nun senso restrinxido. Poesía é a arte que ten a verba como meio de expresión. E a estruturación prosódica de ese medio non influe na esencia de aquela arte. De xeito que pode haber poesía en verso e poesía en prosa. Nista lección imos ocuparnos somentes da primeira distas dúas formas de poesía. A poesía en prosa que aparez na nosa cultura occidental no século pasado—quizás o libro *Poemas en prosa*, de Baudelaire, é o seu primeiro moiemen-

to—non ten na Galiza un froreco copioso, como non o tén en ningures. Porque o verso é acaso a cunca máis doada pra que nela ferva o viño da poesía. E, coa moderna flexibilización da métrica, coa moderna dislocación do verso, é ista xa tan dúctil ó pensamento, cuáxeque, como a prosa mesma; quezáis porque non é verso xa más que ós ollos. O feito de que, esquecidos a rima e o ritmo, continúa escrivendo en liñas que teñen a apariencia esterna de versos, señala o xurdimento dun interesantísimo fenómeno: a intervención do elemento *óptico* no poema, que hastra o de agora viñase considerando como unha arte puramente *acústica*. «Los versos se hacen para ser oídos y no para ser vistos», escribía Unamuno (1). Unha ollada en col da poesía moderna de avanzada abonda pra comprobar que ese principio está en crisis. Nos poetas de hoxe non é cada liña un verso no conceuto clásico de verso: conxunto de verbas expresivas dunha certa armonía sensual cuíos elementos son a rima, o acento e número de silabas. Nos poetas de hoxe, dando a agrupación por liñas non é arbitraria, responde á unha certa armonía interna que xa oíeu Rubén Darío e que lle fixo decir: «Y la cuestión métrica? Y el ritmo? —Como cada palabra tiene una alma, hay en cada verso, además de la armonía verbal, una melodía ideal. La música es sólo de la

(1) Discurso leído por el señor don Ricardo Carballo Calero, alumno de la Facultad de Derecho de la Universidad de Santiago de Compostela, en la apertura del curso de 1930 a 1931. Santiago, 1930.

(2) Teresa: notas, IX.

*idea, muchas veces»* (1). Hai, pois ás vega-das, unha especie de retorno ó sistema de versificación empregado polos pobos orientais, o *paralelismo*, que é unha sorte de rima das ideias. Sistema do cal unha variedade, combinada coa versificación cualitativa, foi familiar ós nosos poetas dos Cancioeiros.

Lírica. Pouco é mester decir pra agrarar ista verba. A poesía galega nunca foi pródiga en froitos épicos. En canto á poesía dramática, coido que non existe. O que existe é o drama, o xénero escénico, que pode tratarse en verso ou en prosa, como en verso ou en prosa pode escribirse novela. Mais ningún distes dous ordes literarios é realmente poesía. E inda a épica o é moito menos que a lírica. A poesía galega de hoxe é toda ela esencialmente lírica. A épica é un produto da infancia das culturas. A dramática un producto da súa madurez. A lírica un frorrecer sempiterno. Galicia xa pasou de nena, pero inda é moza. Ademáis de que tén un espírito fundamentalmente lírico, o cal quezás sexa siño de que só a lírica poderá frorrecer nela con verdadeira espontaneidade.

Ó decir galega entendo, como é natural, a poesía escrita na nosa lingua vernácula.

En canto á verba *contemporánea*, a súa delimitación oferce indudable interés. A historia da poesía galega pódese dividir en catro ciclos: o dos Cancioeiros—séculos XII ó XV—; o da Postración—séculos XV ó XIX—; o da Renacencia—séculos XIX ó de hoxe. Pra min o tempo de hoxe, a idade contemporánea, comprende aqueles poetas cuia arte supón un estadio de evolución definido con respecto ós tres grandes mestres do século XIX; Rosalía, Curros e Pondal. Os máis vellos—cunha idade lírica—de ditos poetas son Cabanillas, Noriega Varela e Taibo. Aqueles outros cuia poesía é más retrasada que a distes tres esgrevios artistas, non se poden chamar contemporáneos. Perdeseen espiritualmente ó século XIX. E a verba *contemporánea* a emprego eu nun senso ideal, nun senso cultural; non nun

senso real. Querendo sifificar o propio dos tempos non o que nos tempos de feito vive.

É cousa crara que istas leccións diste ciclo galeguista sobre temas axeitados ós estudios da Facultade de Filosofía e Letras, deben representar unha labour de investigación; deben ser o froito granado de un estudo serio. Quero decir que o ensaísmo e o retoricismo non deben ter eiquí entrada. É preciso facer cencia; cencia erudita, non brillante; cencia ouxetiva. Mais é evidente que o presente, o de hoxe, pode ser, debe ser ouxeto de investigación científica. Por iso eu non dubidéi en falarvos da lírica galega contemporánea. Mais a labour de erudición, nista lección miña, por forza ha ser escasa. Tefio que traballar directamente sobre os poetas. Nada, ausolutamente nada estimabre hai escrito encol da poesía nosa aitual. A critica galega, patente en revistas e diarios, é unha crítica inaproveitabre. Non temos críticos especializados en poesía. Abonda pouco en todas partes, como o proba o feito de que Gómez de Baquero e Díaz Canedo sexan considerados en Castela. O desexo de dar azos pra que se escriba en galego, e o feito da amistade que une a casi todolos que utilizan a nosa lingua, restan todo valor de pureza e imparcialidade nas recensións que das nosas obras poéticas fai a prensa nosa. É, pois, o terreno pol-o que eu me adianto hoxe, terreo virxe, mare non sulcado. E por iso o aparato eruditio, a cita, a referencia, non poden frorrecer nista lección.

Os ollos que percorran a paisaxe da nosa lírica aitual atoparán unha variedade de matices singularmente notábel, unha escada cromática certamente copiosa. O cazador lírico que se interne ante as frondentes arbo-redas da poesía galega contemporánea, cobrará como primeira peza, o carácter multi-forme da poesía. É de notar cómo niste recanto da Europa foron recollidas boa parte das más importantes tendencias líricas do tempo de hoxe. E cómo se soupo aproveitar o inaproveitabre, adoutandoo ó noso xeito espritoal. Un Cabanillas, un Manuel Antonio, un Bouza Brey, señalan outras tantas roitas perfectamente dispares. De un Norie-

(1) *Prosas profundas: palabras iluminadas*.

ga Varela á un Amado Carballo hai unha longuisima ditosa distancia.

Na nosa poesía de oxe reina un individualismo exacerbado. Se non pode falar de escolas poéticas. Mais non quer decir isto que falte un aglutinante capaz de unir con vencellos de irmandade os nosos líricos. Isa falla é sempre sinal de anarquía tan sintomática de decadencia na arte como na política. Existe ese aglutinante. Mais non é un influxo común ou unha comunidade de motivos ou de procedimentos. É algo moi máis fondo e máis perenne. É o espírito racial. Xa pasaron aqueles tempos en que só eran temas de canto os costumes labregos ou os fenómenos psíquicos e sociais enxebremente nosos. Xa se pode cantar algo distinto da vaquinha e a morriña e a emigración. O campo de esperimentación da nosa lírica ten hoxe horizontes infinitos. Mais nos poemas de máis ecuménicos ares, latxa un sentimento galego indestrutible. A galegidez nos nosos poetas é unhas vidas patentes: os temas son galegos. Outras, é unha galegidez que corre baixo os versos de máis universal asunto, como a saiba corre baixo a codia, invisibile á ollada, pero enchendo de vitalidade a arbre que rega, sosténdoa, sendo a causa eficiente do seu vivir. Hai dúas tradicións líricas galegas. Unha que nacendo e morrendo cos Cancioiros rexurde en Bouza Brey. Outras que xurdindo nos Precursores e pasando por Pondal perpetúase en Cabanillas. Ben natural é que os versos dos que oxe representan isas tendencias, estén atelgados de galegidez. Pero é que hai outros moitos poetas que non proceden de ningunha disas dúas estirpes, senón que labouran con procedimentos importados de outras literaturas. Pois ainda istos poetas ostentan un podeiroso espírito galego, e os seus versos non semellan traducidos de estranos idiomas.

Outra nota remarcábel que presenta a nosa poesía de hoxe é a ausencia do elemento sensual, sexa o sensualismo dramático e bretemoso dun García Lorca ou o erotismo lumioso e rinte dos poetas helenizantes. Ante nós, os galegos, o amor—o amor poético—non é causa do cerebro nin do senso: é causa do corazón. I eisi, endexamás produ-

## NÓS

ximos un Ausias March nin un Catulle Mendes. Carecemos de finura sensual, de senso pagán da beleza. Nos nosos poetas dos Cancioiros e do XIX ha i pornografia, pero nunca sensualidade. A sensualidade pánica é causa de terras de sol, de luz ridente e mediterránea. A sensualidade trágica e torturada é un produto oriental e semítico. A nosa alma céltiga, neboenta e nordesia, non profesa o culto do corpo. Certo é que ante os nosos intelectuás mozos existe o senso epicúreo da vida; mais iles o inxertaron no seu espírito galego pol-o estudo de alleas literaturas. E cando fan versos na nosa lingua, as verbas xurdien cheas de unha inxeleza casta.

É diño de toda atención o feito do escásismo influjo que os máis soudos poetas casteláns contemporáneos exercen nos nosos líricos. Alberti, Salinas, Guillén, Lorca, Diego. Malia que sin dúbida os nosos mozos ién á istos poetas máis que a ningúns outros, non iles renden homaxe de discípulos. Como si a súa arte fora esenzialmente oposita ó modo de ser galego. Un ensaio de aclimatación das súas maneiras á nosa lírica é unha rota ainda inédita. E quizais fecunda. Pero o certo é que hasta o de agora a rota non se abrío. I eisi, o superrealismo e o creacionismo son quasi descoñecidos antre nós.

Os elementos que entran á formar nosa lírica son propriamente: a tradición medieval, que frocece en Bouza Brey, a tradición oitocentista, crara en Taibo; o influjo do modernismo castelán, patente en Cabanillas; o influjo portugués, señalado en Noriega Varela; o espírito europeo de vanguarda, que atinge o seu cumio en Manuel Antonio.

Cos nosos poetas contemporáneos podemos facer dous grupos. O primeiro comprende os que inauguran a nova era. O segundo os que chegan á sinalarse cando xa os outros teñen consolidado o seu prestixio e maxisterio. Os primeiros representan algo semellante ó que é o modernismo na literatura castelán: máis que pol-as súas tendencias pol-a misión que cumplen. Os segundos corresponden coas xuventudes líricas casteláns post-juanramonianas. Mais en xeral, os nosos, uns e outros, son menos radicales nos procedimentos inovadores.

O primeiro grupo ten como principás

representantes á Ramón Cabanillas, Antonio Noriega Varela e Victoriano Taibo.

Cando Cabanillas comenza á escribir xa pasara sóbor da lírica peninsular a soma groriosa de Rubén Darío, e xa o nacionalismo galego atinguira pulo de infinitude. O modernismo e o nacionalismo son as dúas forzas, como centrifuga e centripeta, que determinan o equilibrio lanzañ da obra de Ramón. A primeira deixóulle a desconxestación do ritmo, a expansión da métrica, a sinxelezía da idea, a valentía da imaxe. A segunda dóllelle ese sabor de froito acedo, esa nobre emoción recolleita que campea nos seus formidabres ditirambos. Non é dos poetas adicados sistemáticamente á cantar á Galicia. Os temas da súa lírica son moitas vègadas internacionais. Pero en ningún poeta achase o galeguismo tan enraizado como nél. E son dúas as ás con que voa o seu galeguismo. Unha é o enxebrismo, que lle leva á pintar como mestre tipos e costumes. Outra o patrianismo, que ás vègadas atinge acentos de Apocalipsis e crama con voz aferroada de Isaías. Hai no Cabanillas un satírico baril, con verba de treboda, un Xuvenal esasperado e bronco; a carón de un fonsismo lírico, cheo de emozón. Tamén pulsou a corda narrativa, e nas sagas de «A noite estrellecida» deixóulle unha proba máis do seu talento. Espido e fondo, forte e acedo, delgado ourífice, rexo loitador, o académico da Espanola é, certamente, o poeta da Raza, e á ningún dos tres grandes mestres do século XIX inferior como valor literario. (1)

### A ROSA QUE SANGRA

A alma é unha roseira  
floreceda, cuaxada  
de rosinas bermellas  
e de rosinas brancas.

Alegrias e penas  
son o vento que pasa;  
ás veces com un bico,  
ás veces trebonada.

(1) Ramón Cabanillas: *Vento mareiro*, Madrid 1921. O bendito S. Amaro, Mondariz 1925. *Da terra assaltada*, A Coruña, 1926. *Na noite estrellecida*, Mondariz 1926. *A rosa de cen flores*, Mondariz, 1927.

Unha bágoa que surde,  
unha risa que estala...  
son rosinas que cayen  
da roseira da alma!

Mifia nai que me arroba,  
un amor que me chama,  
a estrelina da gloria  
no sendeiro da esperanza...  
Cando a vida comenza,  
¡cántas rosinas blancas!

Un filliño que morre,  
un amor que se apaga,  
a ilusión que se afoga  
no remuifo das ágoas...  
¡Cántas rosas bermellas  
ó mediar a xornadal!

Xa son vello, e o vento,  
vento de trebonada,  
desfollóume a roseira,  
a roseira da alma.

Pero este dor da Terra  
ferida e escravizada...  
¡qué rosina bermella!  
¡Cómo doi! Cómo sangra! (1)

Antonio Noriega Varela é dos nosos poetas contemporáneos o que está mais preto do século XIX, pol-o seu espírito e pol-a súa métrica. Escolante, como Gabriel y Galán, é como o lírico de Salamanca, un poeta rural. Pero niste caso o rus é o ermo, aspro e pedroso, no que sómente as frolifías dos toxos bosquellan un sorriso. Fondamente identificado co espírito da irta paisaxe montañesa. Noriega Varela fai uns versos carexantes, sereos, mainos, no varil dialeito da montaña, cantando a solidade e o silencio, ditoso no silencio e na solidade. «*Mihi oppidum carcer, et solitudo paradisus est*» dice con San Xerome. Poeta da natureza, cunha certa sinxeila solenidade vainos dicindo o seu sentir. A epopeia do ermo, do noso ermo, vaina ill scribindo con unción. Tenro e homilde, sóu po crear un mundo poético propio. Na súa obra citase o infruxo de Teixeira de Pascoaes, ó cal asemella pol-o senso panteísta do seu cantar. Mais no poeta galego existe unha maior preocupación pol-o mundo exterior, pol-a paisaxe. Noriega Varela é o noso

(1) *Vento mareiro*, páxinas 126 a 137.

poeta máis traducido, e con Amado Carballo o máis imitado antre nós. (1)

### TODA HUMILDE BELLEZA...

Vago xirón da brétema, atavio soberbio de hirta xesta, reidora, fulgurante doña de rocio, (pazo d'o sol, e lágrima d'aurora). rayola de lunar que bica o río, flor marelha que entre espíñas chora ou d'as redes d'arafia un ténue fio toda humilde beleza me namora.

É un vermiño de luz o amigo caro d'o meu nume saudoso.... Antes reparo na nudez adorable de unha estrela, que nas rosas d'os vales, que sorrien, que nos mantos d'os pinos, que se engrisen, que nas blondas d'o mar, que se rebela. (2)

A arte de Victoriano Taibo ten moitos puntos de contáito coa arte de Cabanillas. Non posé Taibo a caudalosa vía lírica do Ramón. Os seus versos son más centripetas, teñen o ceño mais rugado. Iste nobre poeta canta cunha tremosa austeridade e a sua palabra dá unha sensación de verdade e de reitude. Poucos egualan o seu coñecemento do idioma. (3)

### N O I V A D O S

A mocinha fia  
as estrigas brancas  
fia noite e dia.

Fia liso d'ouro  
ou fia a esperanza  
dun niño louro?

Lenços de noivado!  
amor non espera, i a mocinha fia..., fia...  
fia noite e dia.  
e non dá fiado.

A vellifia fia  
as estrigas brancas,  
fia noite e dia.

Fia por deleve  
seu cabelo branco  
ou só fia neve?

Lenços de noivado!  
a morte ten presa; y a vellifia fia..., fia.  
fia noite e dia,  
e non dá fiado. (1)

Fermín Bouza Brey, de Vilagarcía, xuez e arqueólogo, socio fundador do Seminario de Estudos Galegos, figura antre os poetas do segundo grupo. Bouza Brey ten estudiado con amor os Cancioneiros, e o xeito dos nosos segrels rexurde na sua poesía. Mais non son os seus versos sinxelas imitacións dos versos dos nosos liricos medievais. A sua poesía, recollendo o tesouro trovadoresco, remózao cunha métrica moderna, e a arte dos Cancioneiros é trasplantada por illa a un campo de infinitos horizontes. A influencia trovadoreira non sempre se manifesta niste poeta na forma rítmica das estrofes. Manifestase tamén de coto no léxico, no espírito, no tema. Bouza Brey tense entretido en imitar a arte medieval galega; pero non é un mero arcaizante da nosa lírica. Espírito cheo de galeguidez e de dozura, canta o amor e a natureza con louro verso de mel, nunha métrica rica e ceibe. Ista poesía de Bouza Brey dourada como un froito de sol, como a cabeleira de unha rapaza, vagamente saudosa, chea ás vegadas de sorrisos aldeáns, ten como medio de expresión un galego riquísimo. Galego difícil, no que fóreacen raras verbas esquecidas que illa se comprece en lembrar. É indudablemente o seu galego o galego más culto de todolos galegos empregados polos nosos poetas de hoxe. Tan só o galego de don Armando Cotarelo o supera en riqueza. Fermín Bouza Brey, creador de unha poesía orixinal, súa, peculiarísma, na que non é posibre señalar un infruxo serio, porque é xa unha poesía perfeitamente elaborada, independizada, persoal, é o viaxeiro da rota lírica máis segura antre as nosas liricas roitas. A súa poesía semellame a de máis porvir, a más propia da Galiza de hoxe. Pra ser un grorioso mestre da nosa mocida-

(1) Montañeses. *De Rúa*, Do ermo, Mondariz, 1929.

(2) Do ermo, páxina 11 da edición citada.

(3) Alvaro, Compostela, 1927; *Da vella roseira*, 1924

(1) Revista NDS, número 34.

de lírica, non lle fai falla outra cousa que adicarse de cheo a selo, estudiando agarimadamente os grandes poetas de fora.

### DESCORDO PRA BEN MUIÑAR

Moe, moe, rodicio do Sol,  
ai, o corpo da nena leda  
fitada de evocacións.

Moe, moe, na acea infinida,  
das estrelas moegas,  
ai, os fros da menina branca,  
ai, o van da rapaza leda.

Tatuarás de lembranzas,  
ai o seu pensamento en tréboas.

Moe, moe o cruel corazonhe  
ca roda da lúa albelia  
que no meu muñío real —moe—  
fica o aceiro á espreita.

Moe presto o adibal das cantigas  
que se aforcan as mozas senlleiras!

Anda a auga —moe, moe— dos degaros  
desacougada na presa....  
Nanái noite, vella aboa —moe, moe—  
remenda o cribo de estrelas....

Moe, moe, rodicio do Sol,  
ai, o gran da menina leda;  
pon o tanxedoiro amante,  
da serán camanduleira,  
e a orballada irá caendo  
no fol da veiga serea.

Moe, moe, remoe, remoe,  
ai, leda! (1)

O pontevedrés Lois Amado Carballo, (2) morto na fror da vida, deixou un fondo ronsel de admiración en revistas e diarios. De seguida que se morréu, foi proclamado pola nosa crítica o mellor dos nosos poetas mozos. Indudablemente o feito de morrerse afervóu as loubanzas hastra estremos escéxis. Pero o certo é que xa en vida atinguiu unha sona extraordinaria. Debiase, sin dúbida, ó acerto con que soupo faguer unha poesía moderna en versos antigos, à habilidade conque cantou de un xeito novo nunha

métrica vella. Eisi, aplaudérono os novos. E os bellos miopes, enganados pola forma esterna da poesía, aplaudérono tamén. Amado Carballo é un poeta aldeán, campesio, mariñeiro. O principal caráter da sua poesía radica no panteísmo vivificante que a informa. Os piñeiros, as fontes, os camiños, beiran, cantan, oucen misa, usan monteira, parolan, aman, rin na sua poesía. Cando nela aparez a figura humán, non se señala coa nitidez con que se deseñala a natureza. Un mundo de regatos, arbres, ceos, paxaros e grilos é o seu mundo verdadeiro. Pero, ás vegadas os seus versos nos din de nocturnos de taberna, nos que falan mariñeiros cosmopolitas, e de cadros sombrizos, augafortes vilanos. Entón, a sua poesía está preto da poesía valle-inclanesca de *La pipa de kif*, pol-o nervo funambulesco. Amado Carballo creou unha arte sensual, frondente, afincada moitas vegadas no popular, espresada nunha métrica sinxela, chea de galeguismo campesio, pero sabidora de roitas cosmopolitas. Unha arte da natureza, un pouco dulzarrona, con demasiados bois e pitas e melros. Unha arte rural, de campos vizosos e escumosos, mares cheos de carrizos e peixes, que se moven baixo a mirada paternal de un sol algo bravo, aldeán e bo. Amado Carballo deixou discípulos. Eduardo Blanco Amor (1), Xulio Sánchez (2) e Emilio Mosteiro. (3)

### O G A L O

Abrelle as portas ao dia  
co-a chave do têu cantar  
que xa na fonte da lúa  
está labada a mañán.

Bótall'o teu aturuxo  
á paisaxe dende o val  
qu'o gran balbo das estrelas  
cairá serodio no mar.

O campo cheo de frío  
busca un anaco de sol;  
alcéndelle unha fogueira  
co lume da túa voz. (4)

(1) Revista NÓS, número 10.

(2) Amado Carballo: *Prost*, Pontevedra, 1927. *O gallo*, A Cruña, 1928.

(3) *Romances galegos*, Bós Aires, 1928.

(4) *Cantigas e verbas ao ar*. A Cruña, 1928.

(5) *Poemas sincopados*.

(6) *O gallo*, páxina 9.

Antre os poetas do segundo grupo, o grupo dos mozos, atópase, tamén, Euxenio Montes. A formación espiritoal de Euxenio Montes non é galega. Euxenio Montes, prosista castelán, de prosa enchida de novas vibracións, é europeo antes que galego. Nin vive na Galiza nin entre galegos. Pero fai versos na nosa lingua. E o más universal dos nosos escritores, o que ten unha cultura máis moderna e máis trascendente. Pero non esquecido da sua natureza ourensá, vai fiando o seu fio lírico na roca do idioma nativo. Ten sobre todolos demás galegos que dan ó ar o seu verbo poético, a ventaxa da preparación. Home cosmopolita culturalmente, sabe moito máis de perspeitivas que o resto dos nosos poetas. Chega, pois, á lírica galega, cun espírito domiñador e seguro, máis amplo que o dos outros, máis sabio, máis experto.

Nistas condicións, podiaselle esixir o deber de ser o noso millor poeta de avanzada. Máis os seus versos non atinguen o cumé de orixinalidade, o espírito poético necesario pra que lle concedamos ese tituo. Fai unha poesía córsta, enxebre, chea de persoalizacións da natureza nas que vive a lembranza de Amado Carballo, unha poesía humorista e cadenzosa. A aportación do elemento eisótico á nosa lírica, laboura pra quen naide estaba millor que il capacitado, non se realiza nos seus versos. Pol-o contrario, é Galiza a que influie sobre o fillo lonxano, i encol do moderno da sua lírica, aboa un senso de fortísima galeguidade. (1).

## TORNAN AS VACAS PARA A ALDEA

Tornan as vacas para a aldea;  
vacas roxas, vacas mouras  
vacas de coor marela.

Foi avisarlle un luceiro:  
*/a teixa noite está preta!*  
Lembráronse do cortello lonxano,  
tamén da herba  
qu'escoa o suor do corpo,  
loira cabeleira d'unha Madalena.

(1) *Versos a tres casas o neto*, A Cruxia, 1930.

Tornan as vacas para a aldea  
vacas roxas, vacas mouras,  
vacas de coor marela.

Como no San Xuan as mozas,  
con cereixas nas orellas,  
asina elas van con follas  
en col do pescozo e testa.  
Todalas follas bican,  
docemente, a súa pél tépeda.  
Si quixeran voar poderían  
pois no mesmo lombo díñas azas levan;  
mais prefieren voltar pasenxo  
depinicando nas froles das beiras  
hastra qu'os zagallos lle berren?  
*Ey, vacas, seique non tendes presa.*

Tornan as vacas para a aldea;  
vacas roxas, vacas mouras,  
vacas de coor marela

Un instante se pararon  
a carón d'unha figueira;  
todolos figos bulian,  
sonaxas d'unha pandeira,  
porque o vento os abaneaba  
camo campanas nas festas;  
Entón os cornos das vacas  
¡Cómo tremaban de invexa!  
ponlas que non pairen froitos  
nin coñecen primaveira.

Tornan as vacas para a aldea;  
vacas roxas, vacas mouras,  
vacas de coor marela.

Xa tiraron do carro mancado,  
xa cabelaron c'un arado a terra,  
xa deixaron nas augas dos regos,  
onde elas beberon, fíños de estrelas

Tornan as vacas para a aldea;  
vacas roxas, vacas mouras,  
vacas de coor marela.

Allá as agardan as donas,  
para lle munguilas tetas;  
e pra que fique nas cuncas  
a esmola da leite frésca,  
branca como a lúa,  
como a lúa chea. (1)

(1) Alvaro de las Casas, *Antología de la lírica gallega*  
Madrid, 1928; páxinas 163 a 165.

A poesía auténticamente nacional dos pobos non soe ser outra cousa que a estatificación dos seus xestos, a fotografía instantánea das súas aitudes, a plasmación do seu dinamismo vital. Esi, un pobo labrego necesita ter as súas Xeórxicas; un pobo guerreiro necesita ter a sua Iliada; un pobo mariñeiro necesita ter a súa odisea. Os espíritos nacionás tenden á crear un tipo poético que espresen as arelas sustantivas da raza. Pero iste tipo pode representar — e xeneralmente representa — tan só unha parcialidade de anseios; pola dificultade que supón ver quer na figura de un héroe poético — cuia caraística é a simplicidade — todo o complexo da alma popular. Os pobos producen, co héroe, unha epopeia que o cante.

Os pobos mariñeiros teñen creado unha figura de nauta loitador, verdadeiro peixe humano, vencedor da mar e de ela, amigo que nas diferentes literaturas chámase Odisea, Eneas, Simbad. A Galicia, pobo mariñeiro, tiña que ter a sua Odisea. Pero a Galicia vive á beira do atrántico, mar misterioso e lírico, cunha profundidade lírica da que nunca souperon o Índico e o Mediterráneo. A Galicia tiña que ter a sua Odisea. Pero, pobo lírico por excelencia, a sua Odisea tiña que ser lírica tamén. E o héroe dunha Odisea lírica non podía ser outro que o cantor do poema. Ista obra xurdía de dar a Galicia a súa odisea foi levada á cabo polo espírito poético de Manuel Antonio. E a odisea é o pequeno caderno «*De catro a catro*».

Manuel Antonio, mariñeiro, bota un dia ó mar, no peirao de Rianxo a súa dorna lírica. Iela vai sulcando vieiros non sulcados dun istano mar. Istrano mar no que aboian corpos de nautas afogados, no que as estrelas dialogan cos mastros, no que as gaviotas levan no peteiro as cartas dos mariñeiros namorados. Manuel Antonio, coa rede do verso mais ceibe da nosa lírica, que mergulla nese mar cunha seguridade de pescador adoitado, recolle unha colleita poética frívola que nos ofrece cun xesto sinxelo de plenitude artística.

Como Amado Carballo, Manuel Antonio é esculca máis adiantado da nosa lírica, morréu mozo. A súa perda é imponderablemente irreparabre. (1)

### A ESTRELA DESCONCIDA

Eu vin-te de cote acobadada  
n-aquela fenesta  
—tan a trasmán!  
que penduraches d'unha constelación

O Horizonte arrincaba cada día  
pra ti  
a folla de almanaque d'unha vela.

Pero nunca s'enmallou  
n-a falsa rede d'os mapas celestes  
a túa loira virxinidade  
Cómplice a noite  
engayolaba o sestante d'os mariños  
inxenuas perversións catalogadas.

Viuda retirada de todolos vinte anos  
que os mariñeiros repiten  
cada volta que afogan

Endexamáis souberon os cadavres sin  
[rumbo  
que tí os amortillabas co teu ollar

Emproáramos a meia noite  
A sotavento d'a nosa singladura  
vai decote unha nube desarbolada  
C'a súa esponxa de sombra  
berrou pra sempre o teu mudo perfil.

A alba nova sorprendeume  
cacheando ante os luceiros  
unha despedida que se me perdéu. (2)

Non era o meu propósito facer un catálogo de poetas, senón axudarvos á botar unha ollada en col da lírica galega contemporánea. Xa que bosquelléi lixeiramente a silueta dos nosos poetas más típicos, fago punto final.

(1) *De catro a catro*. A. Crafis, 1928.

(2) *De catro a catro*, páginas 32 e 33.

Apareceu o volume I da "Biblioteca Murguía"

## DE ESTO Y DE LO OTRO

por Roberto Blanco Torres.

Pedidos a NÓS - Hortas, 20 - SANTIAGO

### FOTOGRABADO

Si quer qu'os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos  
Talleres de fotografiado ESPASA-CALPE S. A.

Rios Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Vendense en todolos estabre-  
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

O movemento demóstrase andando . . .

O galeguismo lendo as publicazóns NÓS

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o

### **"Jabón Sales de la Toja"**,

único que ás suas altas calidades meicinás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
**ÚNICO EN EL MUNDO**

1pta  
PASTILLA

1pta  
PASTILLA



MADE IN SPAIN

O Xabróñ da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro



AGUAS DE

# MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO

Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as  
Boticas, Droguerías,  
Hôtels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurans e  
vagós-camas de  
todol-os trés.

Estas augas, de sona universal son  
o remedio enxebre e eficacísimo  
cand'un quer combater o Artritismo,  
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades  
diversas, doenzas do Aparello dixes-  
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquisma auga de mesa

— gaseada naturalmente —

Mondaríz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo